| Aplicación de técnicas de limpeza  da moblaxe das habitacións e dos cuatros de baño. - Aplicaranse tecnicas de limpeza axeitadas o tipo e calidade da moblaxe de habitacións e cuartos de baño. | • Demostración de limpeza de cada tipo de moblaxe utilizando as pautas para a súa correcta execución<br>• Demostración de limpeza do baño utilizando as pautas para a súa correcta execución<br>• Explicación das pautas a ter en conta para a limpeza da moblaxe e do baño , para a súa correcta execución | • Realización de tarefas referentes a limpeza de moblaxe e baños na aula de aloxamento | • Limpeza da moblaxe variada que se atopa na aula de aloxamento.<br>• Limpeza do baño que se atopa na aula de aloxamento. | • Apuntamentos aportados polo profesor referentes as pautas de limpeza<br>• Aula de aloxamento( baño, habitación cos seus complementos)<br>• Apuntamentos aportados polo profesor coas pautas a ter en conta para o desenvolvemento daestas tarefas | • LC.1 - Fichas técnicas<br>• PE.1 - Apuntes do tema<br>• PE.2 - Apuntes do tema | 7,0 |
| Aplicación de técnicas de limpeza, mantemento e conservación dos elementos decorativos - Aplicaranse as técnicas mais axeitadas a cada tipo de elemento decorativo, selccionando útiles e produtos. | • Explicación do mantemento dos elementos decorativos dos establecementos<br>• Explicación do mantemento da plantas e arreglos florais dos establecementos<br>• <demostración do mantemento dos elementos e arreglos florais que se poden atopar nos establecementos. | • Desenvolvemento de aexercicios referente ao mantemento de plantas e arreglos florais, así coma os elementos de corativos. | • Realización de centros e arreglos florais<br>• Mantementos de arreglos florais (regar e limpar as plantas, acondicionar os maceteiros, etc)<br>• Mantemento de elementos decorativos (Aplicación de brillos, protectores, etc) | • Distintos tipos de plantas, terras e maceteiros para a elaboración de arreglos florais<br>• Distintos tipos de productos par a restauración e limpeza dos elementos decorativos | • LC.1 - Fichas técnicas<br>• LC.2 - Documentación técnica<br>• PE.2 - Apuntes do tema<br>• PE.3 - Apuntes do profesor<br>• TO.1 - Traballo realizado | 7,0 |
| | | | | | TOTAL | 14,0 |

### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Técnicas e realización da limpeza en zonas nobles e comúns | 50 |

## 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Aplica técnicas de limpeza e posta a punto de zonas nobres e áreas comúns, cos utensilios axeitados, interpretando información oral e escrita, e cobre a documentación requirida | SI |

## 4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Identificar os produtos de limpeza, mantemento e conservación das superficies.<br>1.2 Identificar pavimentos e materiais de revestimento na zona de pisos .<br>1.3 Sinalar os principais compoñentos dos produtos de limpeza,insecticidas, e ambientadores. | 1 | Identificación de pavimentos ,elementos téxtiles, materiais e revestimentos de zonas nobles e áreas comúns. | 10,0 |
| 2.3 Segur as ordes de limpeza segundo documentación e cubrir os impresos propios de partes de avarias e outras incidencias que se atopen .<br>2.2 Describir os compoñentes dos produtos a utilizar nas tarefas de limpeza das zonas nobles e comúns<br>2.1 Describir as principais características dos pavimentos,elementos téxtiles, materiais e revestimentos das zonas nobles e comúns. | 2 | Descripción e características dos pavimentos , elementos téxtiles, materiais e revestimentos das zonas nobles e comúns. | 10,0 |
| 3.1 Seleccionar os produtos axeitados a cada tarefa , respectando as doses recomendadas po lo fabricante<br>3.2 Seleccionaros útiles de limpeza para cada tipo de tarefa. | 3 | Selección de produtos e e utensilios para cada tipo de limpeza | 10,0 |
| 4.1 Realizar as tarefas de limpeza, respetando as normas de seguridade.<br>4.2 Realizar a posta a punto, seguindo os métodos prefixados.<br>4.3 Detallar o tratamento dos obxetos esquecidos po la clientela, segundo protocolestablecido<br>4.4 identificar os puntos clave e de calidade que cumpra ter en conta. | 4 | realización das tarefas de limpeza e posta a punto das zonas nobles e comúns. | 20,0 |
| | | **TOTAL** | **50** |

## 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.1 Identificáronse pavimentos, elementos téxtiles, materiais e revestimentos de todos os tipos utilizados nas zonas nobres e áreas comúns, e describíronse as características máis importantes de cada un | • PE.1 - Apuntes do tema | S | 8 |
| CA1.2 Identificáronse os produtos de limpeza, mantemento e conservación de superficies, desinfectantes, insecticidas e ambientadores, e sinaláronse os seus principais compoñentes, a forma correcta de uso e as aplicacións máis habituais | • PE.2 - Documentación técnica | S | 8 |
| CA1.3 Respectáronse e empregáronse correctamente as doses recomendadas polos fabricantes de produtos de limpeza | • LC.1 - Fichas técnicas | S | 8 |
| CA1.4 Realizáronse as tarefas de limpeza tendo en conta a temperatura ambiental e a humidade da zona | • TO.1 - Traballo realizado | S | 10 |
| CA1.5 Analizáronse factores de risco e seguridade e tomáronse precaucións na utilización de produtos potencialmente tóxicos ou nocivos para a respiración, empregando a protección adecuada | • PE.3 - Apuntes do profesor | S | 10 |
| CA1.6 Realizáronse comparativas de produtos de limpeza atendendo a aspectos como o prezo, o rendemento, o olor ou o acabamento | • LC.2 - Documentación técnica | N | 10 |
| CA1.7 Analizáronse as ordes de traballo e outra documentación para planificar as tarefas de limpeza e posta a punto de espazos, e cubríronse os impresos propios de cada fase da tarefa | • PE.4 - Apuntes do profesor | N | 10 |
| CA1.8 Seleccionáronse os produtos, a maquinaria e os utensilios necesarios para cada tipo de limpeza, así como a técnica que se vaia seguir | • LC.3 - Fichas técnicas | S | 8 |
| CA1.9 Limpouse e montouse o carro de limpeza, e efectuouse o control de produtos de limpeza, elementos de uso e produtos complementarios | • LC.4 - Documentación técnica | S | 8 |
| CA1.10 Realizouse a limpeza e a posta a punto de zonas nobres e áreas comúns seguindo os procesos e os métodos prefixados, e indicáronse os puntos clave e de calidade que cumpra ter en conta | • TO.2 - Fichas técnicas | S | 10 |
| CA1.11 Detallouse o tratamento dos obxectos esquecidos pola clientela ou as persoas usuarias, segundo protocolos establecidos | • PE.5 - Equipos informáticos | S | 10 |
| | | **TOTAL** | **100** |

## 4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Produtos utilizados na limpeza.<br><br>Aforro e optimización do uso de produtos de limpeza.<br><br>Riscos. |

| Contidos |
|---|
| Técnicas de limpeza: descrición e aplicación. |
| Reposición. |
| Ordes de traballo e outros documentos. |
| Montaxe de salóns para actos específicos. Normas de protocolo básico na montaxe. |
| Xestión de obxectos perdidos en aloxamento. |
| Control e parte de avarías. |

## 4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Identificación de pavimentos ,elementos téxtiles, materiais e revestimentos de zonas nobles e áreas comúns. - identificaranse os pavimentos, materiais e revestimentos de todo tipo, nas zonas nobles e comúns dos establecementos. | • Explicación dos distintos materiais que compoñen os dictintos pavimentos cos que se poden atopar nos establecementos e as carácteísticas de cada un deles | • Razoamento en debate na clase, xunto co profesor, xustificando as argumentacións | • Adquisición de coñecemenotos referentes aos pavimentos. | • Apuntamentos aportados polo profesor | • PE.1 - Apuntes do tema<br>• PE.2 - Documentación técnica | 10,0 |
| Descripción e características dos pavimentos , elementos téxtiles, materiais e revestimentos das zonas nobles e comúns. - Describiranse as características dos pavimentos, materiais e revestimentos de todo tipo, nas zonas nobles e comúns. | • Explicación das distintas texturas, rugosidades, composición dos materiais das zoas nobles e comúns | • Razoamento en debate na clase, xunto co profesor, xustificando as argumentacións | • Adquisición de coñecemenotos referentes aos materiais das zoas comúns | • Apuntamentos aportados polo profesor<br>• Ordeador e canón de luz | • PE.1 - Apuntes do tema<br>• PE.4 - Apuntes do profesor | 10,0 |
| Selección de produtos e e utensilios para cada tipo de limpeza - Seleccionaranse os produtos e utensilios para cada tipo de limpeza. | • Explicación das características e utilidades dos distintos productos e utis de limpeza | • Identificar as carácterísticas de cada producto utis, para poder utilizalos posteriormente dun xeito correcto. | • Adquisición de coñecemenotos referentes aos productos | • Distintos tipos de productos e as correspondentes fichas técnicas de cada producto<br>• Apuntamentos aportados polo profesor<br>• Ordeador e canón de luz | • LC.1 - Fichas técnicas<br>• LC.2 - Documentación técnica<br>• LC.3 - Fichas técnicas<br>• LC.4 - Documentación técnica | 10,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | • PE.3 - Apuntes do profesor<br>• TO.1 - Traballo realizado | |
| realización das tarefas de limpeza e posta a punto das zonas nobles e comúns. - Realizaranse os tipos de limpeza, as tarefas e posta a punto nas zonas nobles e comúns dos establecementos,cos produtos axeitados. | • Explicación das pautas a ter en conta a hora de lavar a cabo as distintas tarefas de limpeza nas zoas comúns dos establecementos<br>• Demostración de limpeza e da correspondente posta a punto, levando a cabo as pasutas anteriormente explicadas | • Execución de tarefas de limpeza e posta a punto de habiracións levando a cabo as pautas explicadas polo docente<br>• Adquisición de coñecementos explicados polo profesor | • Realización de limpeza da aula de aloxamento e mantemento dos elementos referentes ás zoas comúns | • Distintos tipos de productos, maquinaria e elemenotos que se necesitan para levar a cabo esta tarefas( camas, moblaxe, alfombras, toalllas, instalación de habitación e baño propiamente ditas, productos para moblaxe, para solos, para baños, etc)<br>• Apuntamentos aportados polo profesor | • LC.2 - Documentación técnica<br>• LC.4 - Documentación técnica<br>• PE.3 - Apuntes do profesor<br>• PE.5 - Equipos informáticos<br>• TO.1 - Traballo realizado<br>• TO.2 - Fichas técnicas | 20,0 |
| | | | | | TOTAL | 50,0 |

## 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Equipos e máquinas que conforman a dotación de zonas nobles e comúns | 20 |

## 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Utiliza os equipamentos, as máquinas e os utensilios que conforman a dotación básica de zonas nobres e áreas comúns, tendo en conta a relación entre a súa adecuación á tarefa e o seu rendemento óptimo | SI |

## 4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Describir os tipos, o manexo, as aplicacións e os riscos das máquinas maís utilizadas na limpeza dos establecementos<br>1.2 Interpretar a documentación das máquinas, manexo e riscos que poden ocurrir .<br>1.3 interpretar as anomalías que poden surxir | 1 | Descripción das máquinas e utensilios de uso común na área de zonas nobles e comúns. | 10,0 |
| 2.1 Describir o mantemento de primeiro nivel das máquinas de limpeza<br>2.2 Realizar o mantemento e o coidado das instalacións<br>2.3 Aplicar as normas de seguridade e prevención no manexo das máquinas , utensilios e produtos de limpeza. | 2 | Descripción do mantemento de primeiro nivel das máquinas utilizadas para a limpeza de establecementos de aloxamento | 10,0 |
| | | TOTAL | 20 |

## 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA2.1 Explicáronse os tipos, o manexo, as aplicacións, o mantemento e os riscos dos equipamentos, da maquinaria, das ferramentas e dos utensilios de uso común na área zonas nobres e áreas comúns | • PE.1 - Apuntes do tema | S | 20 |
| CA2.2 Realizouse o mantemento de uso das máquinas utilizadas habitualmente para a limpeza de establecementos de aloxamento (aspiradoras, máquinas de limpeza a vapor, abrillantadoras, enceradoras, máquinas de puír, etc.) | • LC.1 - Documentación técnica | S | 15 |
| CA2.3 Efectuouse a limpeza de máquinas, ferramentas e utensilios | • LC.2 - Fichas técnicas | S | 15 |
| CA2.4 Reportáronse as anomalías de equipamentos segundo documentos e procedementos preestablecidos | • PE.2 - Apuntes do profesor | N | 20 |
| CA2.5 Asumiuse o compromiso de mantemento e coidado das instalacións e dos equipamentos, e sacouse o máximo proveito dos recursos utilizados no proceso, evitando custos e desgastes innecesarios | • LC.3 - Traballo realizado | S | 15 |
| CA2.6 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención no manexo de máquinas, utensilios e produtos de limpeza | • PE.3 - Apuntes do tema | S | 15 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Equipamentos, maquinaria, utensilios e ferramentas para o mantemento e a limpeza de zonas nobres e áreas comúns.<br><br>Aproveitamento óptimo dos equipamentos e aforro no seu uso. |

## 4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Descripción das máquinas e utensilios de uso común na área de zonas nobles e comúns. - Describiranse as máquinas e utensilios mais utilizadas nas zonas nobles e comúns dos establecementos | • Explicación e cárácteristicas de cada tipo de máquina e as tarefas a ter en conta para o seu mantemento<br>• Explicación e características de cada tipo de producto para poder aplicalo a cada tipo de material. | • Identificación de cada tipo de máquina e producto<br>• Desenvolvemento de exercicios p¿racticos de plicación de maquinaria e produsctos applicables a cada máuina e tipo de material | • Adquisición de coñecementos dos distintos tipos de producto e de maauinaria | • Apuntamentos aportados polo profesor<br>• Ordeador e canón de luz<br>• Distintos tipos de maquinaria e productos aplicables a cada tipo material | • LC.1 - Documentación técnica<br>• PE.1 - Apuntes do tema<br>• PE.2 - Apuntes do profesor<br>• PE.3 - Apuntes do tema | 10,0 |
| Descripción do mantemento de primeiro nivel das máquinas utilizadas para a limpeza de establecementos de aloxamento - Describirase o mantemento de primeiro nivel de aspiradoras, abrillantadoras, enceradoras, máquinas de pulir e outras. | • Demostración mediante exercicio práctico de mantemento da distinta maquinaria a utilizar nos establecementos de aloxamento | • Execución de exercicios de mantemento das correspondentes máquinas | • Realización de mantemento da distinta maquinaria | • Maquinaria variada para a limpeza dos establecementos (máquinas de puli, aspirador, máquina de fregadora, rotativa) | • LC.1 - Documentación técnica<br>• LC.2 - Fichas técnicas<br>• LC.3 - Traballo realizado<br>• PE.2 - Apuntes do profesor | 10,0 |
| | | | | | TOTAL | 20,0 |

## 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Técnicas de limpeza de mobles e elementos decorativos. Seguridade e hixiene no traballo | 34 |

## 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Aplica técnicas de limpeza e mantemento da moblaxe e dos elementos decorativos, utilizando os produtos e os utensilios axeitados | SI |

## 4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 identificar tipos de moblaxe de salóns, areas públicas e zonas comúns.<br>1.2 Identificar tipos xardíns en establecementos de aloxamento.<br>1.3 Explicar a situación da moblaxe,e elementos decorativos.<br>1.4 Utilizar as medidas de seguridade e prevención de riscos . | 1 | identificación de de tipos de moblexe de salóns, áreas públicas, e xardíns en establecementos de aloxamento. | 10,0 |
| 2.1 Aplicar técnicas de limpeza de elementos decorativos nos salóns e áreas públicas.<br>2.2 Realizar as prácticas de limpeza e conservación de elementos decorativos e moblaxe,utilizando técnicas e produtos axeitados a cada elemento.<br>2.3 Seleccionar os materiais, os produtos e as técnicas máis axeitadas en cada uso.<br>2.4 Seguir o protocolo de calidade durante todo o proceso de limpeza e mantemento da moblaxe. | 2 | Identificación de elementos decorativos mais habituais en salóns , áreas públicas, zonas comúns e xardíns. | 12,0 |
| 3.1 Realizar o mantemento e conservación das isntalacións.<br>3.2 Sacar o máximo proveito dos produtos utilizados, evitando custos e desgastes innecesarios.<br>3.3 Realizar o mantemento das plantas de interior.<br>3.4 Realizar arreglos florais, segundo criterios estéticos, de estacionalidad e de festividades. | 3 | Realización do mantemento e conservación das instalacións , plantas de interior e composicións florais. | 12,0 |

| | |
|---|---|
| TOTAL | 34 |

## 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA3.1 Identificáronse os tipos de moblaxe característicos de salóns, áreas públicas, e xardíns máis utilizados en establecementos de aloxamento | • PE.1 - Apuntes do tema | S | 15 |
| CA3.2 Identificáronse os elementos decorativos de uso habitual en salóns, áreas públicas, zonas comúns e xardíns | • PE.2 - Apuntes do tema | S | 15 |
| CA3.3 Aplicáronse técnicas de limpeza, mantemento e conservación de elementos decorativos e moblaxe, seleccionando os materiais e os produtos utilizables e a técnica máis axeitada en cada caso | • LC.1 - Fichas técnicas | S | 15 |
| CA3.4 Realizouse o mantemento e a conservación de plantas de interior, así como composicións florais e de froitas sinxelas, tendo en conta criterios estéticos e de estacionalidade, así como as festividades | • LC.2 - Traballo realizado | S | 20 |
| CA3.5 Asumiuse o compromiso de mantemento e coidado das instalacións e dos equipamentos, e sacouse o máximo proveito dos produtos utilizados no proceso, evitando custos e desgastes innecesarios | • PE.3 - Apuntes do profesor | S | 20 |
| CA3.6 Seguíronse os protocolos de calidade durante todo o proceso | • LC.3 - Documentación técnica | S | 15 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Moblaxe e decoración de salóns, áreas públicas, zonas comúns e xardíns e en empresas de actividades de aloxamento.<br><br>Tipos de mobles e materiais na decoración.<br><br>Situación e distribución.<br><br>Cristais, revestimentos, alfombras e cortinas. |

### 4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| identificación de de tipos de moblexe de salóns, áreas públicas, e xardíns en establecementos de aloxamento. - Identificaranse os tipos de moblaxe de salóns, áreas públicas e xardíns en establecementos de aloxamento | • Explicación dos distintos tipos de moblaxe, áreas públicas e xardíns | • Adquisición de coñecementos da materia explicada polo profesor<br>• Debate acerca dos coñecementos, aclarando as posibles dúbidas | • Adquisición de coñecemenotos referentes aos pavimentos.distintos tipos de moblaxe e de areas e xardíns | • Apuntamentos aportados polo profesor<br>• Ordeador e canón de luz | • PE.1 - Apuntes do tema<br>• PE.2 - Apuntes do tema | 10,0 |
| Identificación de elementos decorativos mais habituais en salóns , áreas públicas, zonas comúns e xardíns. - Identificaranse os elementos decorativos de uso habitual en salóns,áreas públicas, zonas comúns e xardínsen establecementos de aloxamento. | • Explicación dos elementos decorativos de salóns, xardíns e áreas públicas | • Creación de debate para aclarar posibles dúbidas | • Adquisición de coñecementos dos elementos decorativos | • Apuntamentos aportados polo profesor<br>• Ordeador e canón de luz | • LC.1 - Fichas técnicas<br>• LC.3 - Documentación técnica<br>• PE.3 - Apuntes do profesor | 12,0 |
| Realización do mantemento e conservación das instalacións , plantas de interior e composicións florais. - Realizarase o mantemento e conservación das instalacións, de plantas de interior e de composicións florais. | • Demostración do mantemento e conservación das instalacións plantas e composicións florais mediante exercicio in situ | • Realización de exercicios referentes ás explicacións e demostración do profesor | • Mantementos e conservacións das instalacións, plantas e composcións florais seguindo as pautas profesionais | • Aula de aloxamento<br>• Distintos tipos de arreglos florais, materiais de xardiñería. | • LC.2 - Traballo realizado<br>• PE.3 - Apuntes do profesor | 12,0 |
| | | | | | TOTAL | 34,0 |

### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a avaliación teranse en conta os procedementos (70 % da nota final), e os conceptos (30 % da nota final), seleccionando para cada caso os instrumentos idóneos:

- Procedementos: contarán todas as actividades propostas inicialmente e o resultado final, seguindo todo o proceso de execución das mesmas. Neste apartado valórase con especial importancia o seguimento das normas de Seguridade e Hixiene no Traballo, así como as chamadas ao orden, de comportamento nas clases, de actitude na profesión e de uniformidade (co seu consecuente cumprimento da normativa hixienico-

sanitaria).

- Conceptos: aquí contarán os coñecementos do alumnado con respecto ao temario, que demostrarán en probas escritas tanto de desenvolvemento como tipo test ou de relacionar conceptos, así como nas preguntas orais que se fagan durante as clases.

Ao longo de todo o curso, levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado, que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe; este seguimento farase diariamente, tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo, segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas e tendo en conta os seguintes criterios:

a) Para os contidos conceptuais, realizaranse probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser: tipo test, de relacionar ou casos prácticos, por exemplo, e sempre baseadas nos aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Os traballos esixidos pola docente en cada avaliación, entregaranse en tempo e forma e deberán cumplir todas as pautas indicadas pola mesma. No caso de haber varias probas e traballos, será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado, que suporá un 30% da cualificación do módulo.

b) Para os contidos procedementais, realizaranse actividades, traballos, casos e probas prácticas e exercicios individuais e/ou en grupo, nos que se valorará a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo, e que suporán un 70 % da cualificación do módulo. Para a realización das probas prácticas será indispendable que o alumnado cumpra os seguintes requisitos:

>Deberase presentar puntualmente, debido o carácter das probas, cumprindo estritamente as normas de deontoloxía e provisto da uniformidade correspondente, cunha presentación axeitada e coidado da imaxe e hixiene persoal.

>Valorarase ademais o traballo en equipo, así como a iniciativa, a receptividade e o interese.

Para obter a nota final de cada avaliación, tendo en conta todos os criterios anteriormente mencionados (procedementos e conceptos), será indispensable facer entrega dos traballos esixidos pola docente en cada avaliación, do contrario, non superarán a avaliación. E para calcular a devandita nota final, farase a media ponderada entre a parte procedemental (70%) e a parte conceptual (30%), tendo que sacar unha nota mínima de 5 en cada unha das partes (procedemental e conceptual) para poder facer a media ponderada.

De igual xeito, para ter superado o módulo, o alumnado terá que acadar todos os mínimos esixibles mencionados na programación.

Contidos mínimos esixibles para acadar unha valoración positiva en cada UD:

UD1. A estrutura dos establecementos de aloxamento no departamento de pisos.
- Aloxamentos turísticos e non turísticos: características.

- Departamento de pisos.
- Habitación de hotel. Peculiaridades da rexedoría de pisos en entidades non hoteleiras: hospitais e clínicas.
- Residencias para a terceira idade e residencias escolares.
- Outros aloxamentos non turísticos.
- Profesións do departamento de pisos.
- Innovacións na actividade profesional: recursos e produtos.
- Deontoloxía profesional e calidade nos procesos de aloxamento.

UD2. Técnicas de aprovisionamento e inventarios nas áreas de pisos.

- Procedementos administrativos relativos á recepción, o almacenamento, a distribución interna e a expedición de existencias.
- Clasificación e colocación de existencias.
- Tipos de inventarios.
- Mantemento e reposición de existencias no almacén.
- Documentación do proceso.

UD3. Técnicas de limpeza e posta a punto en habitacións. Seguridade e hixiene no traballo.

- Produtos utilizados na limpeza.
- Aforro e optimización do uso de produtos de limpeza.
- Riscos.
- Técnicas de limpeza: descrición e aplicación.
- Reposición.
- Ordes de traballo e outros documentos.
- Realización de equipaxes.
- Preparación de habitacións para bloqueos por obra e pintura.
- Preparación de habitacións para desbloqueo.
- Xestión de minibares de habitacións.
- Protocolo de cambio de habitación por petición do/da cliente/a.
- Orde na limpeza dunha habitación ocupada e nunha habitación de saída.
- Control e parte de avarías.

UD4. Equipos, máquinas e utensilios que conforman a dotación da área de pisos.

- Equipamentos, maquinaria, utensilios e ferramentas para o mantemento e a limpeza da área de pisos.
- Aproveitamento óptimo dos equipamentos e aforro no seu uso.

UD5. Técnicas de limpeza e mantemento na moblaxe de habitacións.
- Moblaxe e decoración en empresas da zona de pisos , en actividades de aloxamento.
- Tipos de mobles e materiais na decoración.
- Situación e distribución.
- Cristais, revestimentos, alfombras e cortinas.

UD6. Técnicas e realización da limpeza en zonas nobles e comúns.
- Produtos utilizados na limpeza.
- Aforro e optimización do uso de produtos de limpeza.
- Riscos.
- Técnicas de limpeza: descrición e aplicación.
- Reposición.
- Ordes de traballo e outros documentos.
- Montaxe de salóns para actos específicos. Normas de protocolo básico na montaxe.
- Xestión de obxectos perdidos en aloxamento.
- Control e parte de avarías.

UD7. Equipos e máquinas que conforman a dotación de zonas nobles e comúns.
- Equipamentos, maquinaria, utensilios e ferramentas para o mantemento e a limpeza de zonas nobres e áreas comúns.
- Aproveitamento óptimo dos equipamentos e aforro no seu uso.

UD8. Técnicas de limpeza de mobles e elementos decorativos. Seguridade e hixiene no traballo.
- Moblaxe e decoración de salóns, áreas públicas, zonas comúns e xardíns e en empresas de actividades de aloxamento.
- Tipos de mobles e materiais na decoración.
- Situación e distribución.
- Cristais, revestimentos, alfombras e cortinas.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A aquel alumnado que non teña superado o módulo, faráselle un informe individualizado, no que se lle asignará unha serie de actividades de recuperación para alcanzar os contidos minimos, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

Durante este período, repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Unha vez rematado este proceso o alumnado deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados anteriormente, mediante a realización dunha proba teórica e unha proba práctica.

Para superar o módulo, o alumnado deberá acadar un 5  en cada unha das probas realizadas (tanto na teórica como na práctica). Estas dúas probas faranse ao final da segunda avaliación, previamente ao período da FCT. No caso do alumnado que non supere estas probas, poderá realizalas nunha convocatoria especial de recuperación no mes de setembro, pasando a facer a FCT posteriormente, sempre e cando supere as devanditas probas, tanto a teórica como a práctica.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda de dereito a avaliación continua non está contemplada na Formación Profesional Básica.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Salientar a importancia da propia avaliación deste documento para comprobar se realmente acada a súa finalidade. A tal fin, aplicaranse os seguintes criterios:

>Adecuación dos contidos recollidos na programación para conseguir as aprendizaxes propostas e a súa adecuación ás características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.

>Valoración do seguimento da programación en reunións de ciclo, onde se analizará o grado de cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e ás actividades realizadas conforme ao programado inicialmente.

>De igual forma, periodicamente irase facendo un control do seguimento da programación na aplicación do sistema de calidade. Tamén se farán reunións co equipo docente para comentar este aspecto da programación e correxir posibles alteracóns no proceso de ensino aprendizaxe, e posteriormente levarase ás reunións de departamento.

>Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

>Sistemática a empregar para lle dar a coñecer ao alumnado a información relativa a programación:

- Ao inicio do curso se lle explicará ao alumnado os seguintes aspectos da programación: Unidades didácticas, cos seus criterios de avaliación, contidos e temporalización, as actividades a realizar en cada unha delas cos distintos instrumentos de avaliación, e o peso dos distintos CA na cualificación.

- Farase especial fincapé aos criterios de cualificación e aos mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva.

- Tamén se explicarán a normas de conducta, hixiene e deontoloxía profesional a manter no desenvolvemento das clases.

- O alumnado realizará enquisas anónimas para valorar a calidade da ensinanza por parte do/a docente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Na primeira quincena do curso se lle entregará ao alumnado un cuestionario de coñecementos previos sobre a materia.

- A titora do grupo na sesión de avaliación inicial aportaranos a información dispoñible dos/as alumnos/as sobre as características xerais do grupo e as específicas académicas ou persoais con incidencia educativa. No caso de detectar algunha casuística que requira do apoio do equipo de orientación, faráselle saber. Unha vez feita a reunión, levarase a cabo unha acta sobre a mesma.

- Durante o curso, realizarase tamén unha avalición inicial ao inicio de cada unidade didáctica, acerca da materia a tratar na devandita UD, fundamentalmente a través dun pequeno coloquio ou con treboadas de ideas, no que se lle efectuarán ao alumnado en cuestión as preguntas relacionadas cos temas a tratar.

- O seguimento da programación terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Respecto á totalidade das actividades programadas cara a consecución da competencia xeral do título profesional básico en Aloxamento e Lavandaría, a saber: "Realizar con autonomía a limpeza e posta a punto das habitacións en aloxamentos turísticos ou doutra índole, e das súas áreas comúns, coidando o bo estado das instalacións e da moblaxe, así como realizar as operacións de clasificación, lavado e limpeza de artigos téxtiles en instalacións industriais, asistindo nos procesos de servizo e atención á clientela, seguindo os protocolos de calidade establecidos, cumprindo as normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental, con responsabilidade e iniciativa persoal e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira".

Serán de aplicación ao alumnado con NEE as seguintes adaptacións metodolóxicas:

- O modelo de aprendizaxe será sempre sen erro, evitando o modelo de aprendizaxe por ensaio e erro.

- Secuenciación pormenorizada dos contidos e procedementos nas súas fases máis sinxelas.

- Comunicación clara e precisa das claves da realización das tarefas, secuenciadas en inicio, realización e finalización.

- Control do tempo: marcadores que acouten claramente os momentos nos que se realizan as diferentes actividades.

- Mediación individualizada para introducir novas aprendizaxes, dando preferencia ás mensaxes orais fronte as escritas.

- Selección adecuada de reforzadores: repetición e reforzo positivo.

- En canto aos materiais na aula, utilizaranse os mesmos que para o resto dos compañeiros e compañeiras, fomentando a participación na súa dinámica.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores, non só a través do traballo con actitudes recollidas no curriculo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula/taller/obradoiro; para este módulo podemos destacar:

> Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

> Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc, e insistir na reciclaxe e na conservación.

> Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

> Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc.

> Educación do consumo: Fomentando entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático,talleres, etc).

> Interculturalidade: Traballando dende o principio o respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo, entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos/as doutras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

> Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional, a orientación profesional, polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, na nosa contorna socioeconómica.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Contarase coa colaboración de profesionais do sector que serán convidados a participar de forma activa na formación do alumnado, a través de charlas, conferencias, catas, debates, etc., tratando temas e expoñendo casos que se relacionen directamente co temario do módulo. Os profesionais procederán de ámbitos coma: aloxamentos turísticos, empresas de restauración, asociacións de hostalería, empresas de animación ou de publicidade así como da administración turística galega etc.

- Visitaranse empresas do sector: restaurantes, hoteis, empresas de catering, etc. Serán visitas organizadas, acompañadas polo profesorado do módulo para ter unha visión real do sector.

- Asistencia a feiras, congresos, concursos, festas gastronómicas ou cursos organizados pola Administración ou por distintas organizacións ou empresas privadas sobre temas que teñan relación directa co módulo.

- Visitas a industrias agro-alimentarias: conserveiras, vinícolas, de alimentación en xeral, etc. Saídas ao campo e visitas aos mercados de abastos ou supermercados da cidade, así como lavanderías.

- Visitas a outras escolas e centros de formación.

- Participación en actividades complementarias que se desenvolvan durante o curso, que estean directamente relacionadas coas actividades que se desenvolven no módulo.

- Colaboración co resto dos ciclos do instituto no desenvolvemento do servicio diario, intentando acercar o máximo posible esta práctica ao mundo productivo real.

- Servicio e colaboración con outras actividades que se organicen conxuntamente con outros módulos.